

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL  
FORCAREI****Outros documentos, notificacións e informacións públicas****CALENDARIO DO CONTRIBUINTE PARA O EXERCICIO 2016**

A Xunta de Goberno Local, en data 18 de febreiro de 2016, acordou:

**PRIMEIRO:** Fixar como datas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ó exercicio 2016 (calendario do contribuínte para o exercicio 2016, así como as datas para o cargo en conta dos recibos domiciliados nas entidades financeiras, as seguintes:

<b>IMPOSTO VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)</b>	
Data de comezo do período voluntario	1 de abril de 2016
Data de finalización do período voluntario	30 de maio de 2016
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados	30 de maio de 2016
<b>TASAS MUNICIPAIS (auga, lixo, sumidoiros, entrada carruaxes, beirado, cemiterio, ocupación beirarrúa, recoñecemento de vehículos)</b>	
Data de comezo do período voluntario	1 de xuño de 2016
Data de finalización do período voluntario	30 de xullo de 2016
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados	30 de xullo de 2016
<b>IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI Urbana e IBI Rústica)</b>	
Data de comezo do período voluntario	1 de agosto de 2016
Data de finalización do período voluntario	30 de setembro de 2016
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados	30 de setembro de 2016
<b>IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)</b>	
Data de comezo do período voluntario	2 de setembro de 2016
Data de finalización do período voluntario	5 de novembro de 2016
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados	5 de novembro de 2016

**SEGUNDO.-** Publicar o calendario do contribuínte no BOP de Pontevedra e taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web municipal.

Forcarei, a 22 de febreiro de 2016.—A Alcaldesa, Belén Cachafeiro Anta.

